

2. POLÍTICA DE PRIVACIDADE

1. Datos do Responsable do Tratamento é Delegado Protección de Datos

Responsable do Tratamento: CONCELLO DE A TEIXEIRA
NIF: P3208100B
Enderezo: Estr. Ivedo-Valilongo, 19 - 32765 - A Teixeira (Ourense (ES))
Teléfono: 988 207 400
Correo Electrónico: concello@ateixeira.gal

Delegado en Protección de Datos (DPD): Delia Pérez
Contacto DPD Correo Electrónico: concello@ateixeira.gal

De conformidade co **Regulamento Xeral de Protección de Datos 679/2016** (en diante, **RXPD**) e da, **Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais** (en diante, **LOPDGDD**), facilítase a presente Información en canto as “Política de Privacidade” que regulan o tratamento de datos de “Usuarios/Interesados” do presente Sitio Web.

2. Finalidade do Tratamento

Este **Concello de A Teixeira** (en diante, Responsable do Tratamento), en canto o tratamento de datos que levará a cabo este Responsable do Tratamento serán unicamente aqueles necesarios para cumprir ca finalidade de prestar aqueles Servizos de competencias municipais ou aqueles nos que o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable a este Responsable do Tratamento, tamén naqueles cando o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable do Tratamento e aqueles tratamentos relativos a xestión e coordinación da prestación de servizos do Concello, tales como: Rexistro Xeral do Concello, Servizos Sociais, Urbanismo, Medio Ambiente e Rural, Xuventude e Emprego, Actividades Culturais e Deportivas, Biblioteca Municipal, entre outros.

Os datos que nos facilite a persoa “usuario/a” (en diante, **interesado**) o cumprimentar un formulario de servizo ou poñerse en contacto con este Concello, así coma aqueles xerados durante o desenrolo da relación ou procedemento de trámite posto a disposición dos “usuarios/ineresados”, os datos poden ser tratados para distintas finalidades en función dos servizos municipais que sexan obxecto da prestación e solicitados pola persoa interesada, en todo caso, para manter o contacto e comunicación co interesado/solicitantes, mantela informada, así como cando consideren solicitar o seu expediente ou rexistros da situación ou fases do seu procedemento ou trámites no que é parte interesada.

En canto a “contacto” de usuarios por medio do correo electrónico os datos que facilita o usuario/interesado serán os necesarios ca finalidade desta tratamento de datos de poder ofrecerlle por medio do contacto a comunicación e consultas que o cidadán ou interesados en xeral poidan contactar co Concello, e que este información que solicita a persoa interesada sexa atendida, así como dar resposta as súas inquiredanzas ou cuestións que poida plantexar o Concello, cando se trate de consultas e información que solicite a este. No caso de que apersoa usuaria/interesada proceda a cumprimentar algún dos formularios facilitados nos apartados dos distintos servizos que aparecen a súa disposición no Sitio Web do Concello, así como cando a persoa usuaria proceda a rexistrarse nalgún dos boletins ou formularios dos distintos procedementos, neste caso podemos solicitar ademais dos datos datos anteriormente comentados de contacto poderán solicitarse ademais aqueles datos de carácter identificativo tales como: nome, DNI, correo electrónico e tamén aqueles que decida achegar voluntariamente ao seu expediente a persoa interesada por medio de documentos adxuntos e outros. Os

datos facilitados a través de ditos formularios, estarán situados nos servidores do propio Concello e nos propios servidores da “Sede Electrónica” do Concello cando sexa o caso.

Ao facilitar esta información por calqueira dos procesos anteriores, a persoa interesada está dando o seu consentimento para que sexa recompilada dita información e tratada, utilizada, xestionada e/ou almacenada polo Responsable do Tratamento para a finalidade de resolver o procedemento do que se trate, e o tratamento farase baixo o indicado tanto no “Aviso Legal” así como na presente “Política de Privacidade”.

Poderán existir outras finalidades complementarias polas que os seus datos como usuario/interesado poidesen ser tratados, sendo estas aquelas relativas a Xestión e asistencia do Servizo a Usuarios que se comunican con esta entidade por medio electrónicos (“correo electrónico”) por este “Sitio Web” ou por medio da propia “Sede Electrónica”, en todo caso o tratamento de datos será únicamente ca finalidade de poder atender e tramitar os expedientes administrativos e as actuacións derivadas destes que son solicitados ou tramitados pola persoa interesada.

Indicar, que este Responsable do Tratamento non tomará decisión automatizadas, nin se elaborarán perfiles a partir do tratamento dos seus datos.

É que Vostede como persoa usuaria garante e responde, da exactitude, veracidade e vixencia e dos datos persoais facilitados a este Responsable do Tratamento, e comprométese a mantelos debidamente actualizados e/ou exactos.

3. Lexitimación do Tratamento

Artigo 6.1.a) RXPD a persoa interesada deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.

- Consentimento expreso do usuario/a solicitante ou do seu representante legal. Cando o tratamento se base no consentimento, o mesmo entenderase outorgado de forma inequívoca, considerándose dita aportación un acto afirmativo claro pola parte do “usuario”, que manifesta dito consentimento.

Artigo 6.1.c) RXPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao Responsable do Tratamento.

Artigo 6.1.d) RXPD o tratamento é necesario para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física.

Artigo 6.1.e) RXPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable do Tratamento.

É outras bases xurídicas lexitimadoras, que poderían ser base da lexitimación, tales como: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, entre outras.

4. Prazo de conservación dos datos

Os datos facilitados pola persoa interesada, serán tratados polo Responsable de Tratamento e serán conservados o longo do tempo que dure a prestación do servizo ou o longo do tempo preciso para dar cumprimento das esixencias legais, e polo que, conservaranse durante o tempo necesario para cumprir

coa finalidade para a que se obtiveron e para determinar as posibles responsabilidades que puidesen derivar da propia finalidade e do tratamento. En determinados casos pode ser de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación, os datos poderán ser conservados (se fose o caso), con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.

En xeral, aqueles datos persoais que facilite como “usuario/interesado” a este Responsable do Tratamento manteráse co fin de poder manter un historial de atención de consultas, co fin de mantelo informado e poder xestionar o cronograma e planificación dos servizos de xeito eficiente, e manteranse as finalidades indicadas e mentres que a persoa usuaria non solicite a súa supresión (se fose o caso). Incluso solicitada a supresión, poderán permanecer bloqueados durante o tempo necesario indicado anteriormente, limitando o seu tratamento, e tamén para cumprir coas obrigas legais/contractuais de calquera tipo a que esteamos sometidos e/ou durante os prazos legais establecidos para a prescrición de calquera responsabilidade pola nosa parte e/ou no exercicio da defensa de reclamacións derivadas da relación mantida coa persoa usuaria/interesada. Tal e como comentabamos no anterior apartado, o prazo de conservación dos datos, dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais e daquela lexislación vixente da que dependa.

5. Destinatarios

Os datos persoais obtidos a través dos correos electrónicos ou de aqueles formularios cumplimentados no Sitio Web pola persoa “interesada/usuario” para resolver ou tramitar co resto de canles de recollida de información e dos distintos departamentos deste Concello, non serán cedidos ou comunicados a terceiros, salvo nos supostos necesarios para o desenrolo, control e cumprimento da/as finalidade/s expresada/s, nos supostos previstos segundo a Lei e para a finalidade que vostede o solicite.

E polo que, os datos facilitados por vostede “Usuario/interesado” poderán ser comunicados se fose o caso, á aquelas Administracións Públicas e Organos Administrativos competentes no marco dun procedemento determinado e de trámite, así como dunha investigación ou para o exercicio de accións legais, as salvaguardas contidas na normativa aplicable, e se fose o caso tamén poderán ser comunicados as Autoridades Policiais ou Xudiciais, Ministerio Fiscal ou Tribunais.

En determinadas situacións de prestación de servizos de terceiro o interesado consente expresamente a cesión dos seus datos cando sexa necesario para a correcta prestación de servizos sempre que unicamente se cedan os datos imprescindibles para tal fin, dicir que o consentimento de cesión a terceiros poderá ser revocado en calquera momento por parte do interesado mediante comunicación ao Delegado en Protección de Datos. Agora ben, sería importante resaltar que se poderían ceder datos do interesado (non entendendo isto como cesión propiamente dita, senón como un permiso de acceso a terceiros prestadores de servizos externos necesarios actuando estes como “Encargados do Tratamento”) é dicir, tanto aquelas entidades privadas necesarias ou profesionais, sempre e cando sexan adecuados e garden relación coa finalidade que se persigue e tendo en conta que aqueles prestadores de servizos externos necesarios para encargos de determinadas xestións ou servizos externos, colaboradores necesarios e relativa o encargo do responsable que neste caso non se considerarán comunicacións ou cesión de datos senón permisos de accesos limitados a determinados tratamentos. Se fose o caso, este Responsable do Tratamento deixará este tipo de servizos enmarcados nas “Disposicións Xerais e Medidas de Responsabilidade Activa” dando cumprimento do Artg. 28 da LOPDGDD e artg. 25 do RXP, e serán considerados polo tanto “Encargados do Tratamento” os cales asinarán previamente a prestación do servizo encomendado o denominado “Contrato de Encargo do Tratamento” (en diante, CET)” ou acto xurídico entre ambas dúas partes e dando cumprimento do Artg. 28.3 RXP.

6. Confidencialidade e Seguridade no tratamento dos datos

O Concello comprométese en canto o tratamento dos datos persoais das persoas usuarias, a cumprir ca súa confidencialidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de tratalos, gardalos e custodialos con salvaguarda e adoptar aquelas medidas técnicas y organizativas adecuadas a seguridade que eviten a

alteración, perda, tratamento ou accesos non autorizados, de conformidade co establecido na normativa vixente de protección de datos.

Con respecto á confidencialidade do procesamento, este Responsable do Tratamento aplicará aquelas medidas para permisos e acceso a datos específicos por departamentos en funcións de posto de cada traballador/a do Concello polo que calquera persoa que estea autorizada por esta administración para procesar os datos de carácter persoal (incluído o seu persoal, colaboradores e prestadores), estará baixo a obriga de confidencialidade, xa sexa por medio de deber contractual ou por medio legal de obrigación.

No caso de que sexa detectado algún tipo de incidente de seguridade, no caso de ser considerada “brecha de seguridade” e despois de sopesar o risco, esto comunicárase e poñerase en coñecemento da propia Autoridade de Control e tamen notificado ás persoas interesadas/usuarias afectadas (establecendo un prazo máximo de 72 horas seguintes a que a brecha de seguridade sexa detectada) e aplicarase o procedemento de “Protocolo Brechas de Seguridade” ca información adecuada e relacionada con dita “Brecha de Seguridade” tal como se coñeza ou cando a persoa afectada o solicite razoadamente.

7. Menores

Queda prohibido o uso do Sitio Web a menores. Advertimos polo tanto que os menores de idade non deberán facer uso deste Sitio Web, ca salvedade do **maiores de 14 anos** que poderán introducir os seus datos neste Web sen o consentimento previo dos seus pais ou titores, pero queda totalmente prohibido facelo a aqueles que sexan menores de 14 anos. No caso dos menores de catorce anos requírese o consentimento dos pais ou titores ou do seu representante legal para o tratamento dos seus datos persoais.

8. Modificacións das Política de Privacidade

O Responsable do Tratamento resérvase o dereito a modificar a presente “Política de Privacidade” para adaptala ás novidades legislativas ou xurisprudencias, e polo que recomendamos ao Usuario/interesado consultar esta periódicamente. É preciso advertir polo tanto que, esta Política de Privacidade poderá variar en función de exixencias normativas, legislativas e realtiva a actualización, polo que se aconsella ás persoas usuarias que a visiten periodicamente.

9. Rexistro de Actividades do Tratamento

O artigo 30.1 do RXPD establece que cada responsable e, no seu caso, o seu representante levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade, este Concello pon a disposición das Autoridades de Control así como de todas aquelas persoas interesadas un índice é esquema de [Rexistro de Actividades de Tratamento](#), actuando neste caso o Concello como Responsable do Tratamento.

10. Exercicio dos Dereitos de interesados

Aquela persoa interesada ou o seu representante legal, poderá exercer os seus dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición o tratamento de datos, e/ou portabilidade. Podendo dirixirse persoalmente a este Responsable do Tratamento mediante solicitude presentada e achegando copia DNI/NIF ou documento identificativo seu e do seu representado (se fose o caso) porderá tamén dirixir dita solicitude por correo postal o **Rexistro do Concello de A Teixeira**, o ben poderán presentarse de acordo as formas que aparecen previstas no Art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Tamén pode exercer tales dereitos por medio da propia Sede Electrónica: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/privacy.1> ou dirixíndose o **Contacto do Delegado de Protección de Datos**: concello@ateixeira.gal. **Dereito a reclamar**: Poderá tamén presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos. C/ Jorge Juan 6 (28001) MADRID (<https://sedeagpd.gob.es>).

Actualización, xaneiro de 2024.